

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE E A FUNDACIÓN BARRIÉ

Xosé Carlos Valle Pérez
Museo de Pontevedra

Resumo: A Fundación Barrié naceu formalmente o 5 de novembro de 1966, día no que está datada a Escritura Pública dos seus Estatutos. O primeiro testemuño escrito conservado que documenta a relación persoal de Xosé Filgueira Valverde coa entidade procede do 29 de abril de 1968, día no que Joaquín Arias, daquela Secretario da Fundación, lle escribe unha carta para agradecerlle o traballo que realizara nas Comisións Primeira e Segunda da mesma. Este tímido vínculo inicial foi asentando pouco a pouco, converténdose Xosé Filgueira, finalmente, nunha persoa esencial para a Fundación no campo das Humanidades.

Foron moitas e moi diversas as iniciativas promovidas pola Fundación Barrié nas que colaborou Xosé Filgueira Valverde. Tiveron unha especial significación as relacionadas co Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e o Museo de Pontevedra. Neste, a imaxe e semellanza do que para ese ámbito de referencia fixera entre 1923 e 1936 o Seminario de Estudos Galegos, puxo en marcha en 1973, consolidándoa en 1979 coa firma dun convenio de cooperación coa Fundación Barrié, a Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia. A ela vincularíanse proxectos de investigación e publicacións de enorme valor para o coñecemento e difusión do Patrimonio Monumental de Galicia.

Abstract: According to the date registered in its Statutes, the Fundación Barrié was formally created on 5th November, 1966. The very first available evidence documenting the relationship of Xosé Filgueira Valverde with the Fundación is a letter dated 28th April, 1969 sent to Filgueira by the then Secretary of the institution, Joaquín Arias, thanking him for the work done on behalf of the First and Second commissions of the Fundación. From these beginnings a solid link between Filgueira and the Fundación Barrié developed through the years until he became an essential collaborator in the field of Humanities and one who participated in a number of its initiatives. Among his collaborations with the Fundación, those relating to the Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos and to the Museo de Pontevedra were of special significance.

It was in the year 1973 that Filgueira Valverde, following the early works of the Seminario de Estudos Galegos, started in the Museo de Pontevedra a project that aimed at creating a catalogue of Galician archaeological and artistic heritage. The realization of this program was reinforced in 1979 with the help of the Fundación Barrié and the task was linked to a series of relevant researches and publications which greatly improved the knowledge and diffusion of Galician material heritage.

Palabras chave: Fundación Barrié, Museo de Pontevedra, Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, Seminario de Estudos Galegos, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, música tradicional, patrimonio arqueolóxico e artístico de Galicia, catalogación.

Key words: Fundación Barrié, Museo de Pontevedra, Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, Seminario de Estudos Galegos, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, traditional music, Galician archaeological and artistic heritage, cataloging.

Fixar un título, marcar un ámbito de referencia previo para unha reflexión, sen importar agora o seu alcance exacto, non sempre resulta válido a posteriori, unha vez rematado o labor investigador que propicia. Pode acontecer que a análise á que conduce invite non tanto –ou non só– a modificalo ou a substituílo canto a matizar algún dos termos que o compoñen, un cambio, mínimo en aparencia, que, non obstante, acaba por ter, finalmente, unha especial significación.

Esta consideración previa nace do acontecido entre a etapa de preparación da intervención oral, materializada esta sen un instrumento escrito de referencia –á marxe de que fundamente ou, se se prefire, que preceda no tempo ó texto que agora se ofrece–, e a súa ulterior e definitiva redacción/fixación para a súa publicación. Titulábase a primeira, no programa impreso, *Filgueira Valverde na Fundación Barrié*; ten como encabezamento o segundo, o que agora me/nos ocupa, *Filgueira Valverde e a Fundación Barrié*. Esta modificación, de escasa entidade, sen dúbida, posúe non obstante, como se verá, unha singular transcendencia. Os dous títulos, en calquera caso, posibilitan, pois o marco cronolóxico que os cimenta é practicamente o mesmo, unha reflexión sobre un tempo esencial, polas especiais circunstancias que nel concorren, para a conformación e comprensión da Galicia actual.

Feita, pois, esta previa e necesaria aclaración, marcado o territorio de referencia para a nosa análise, sinalarei de entrada, anticipando conclusións, que a relación de Xosé Filgueira Valverde coa Fundación Barrié foi moi temperá, intensa,

fecunda e moi beneficiosa para as dúas partes e tamén, non o esquezamos, para as institucións –moitas e dispareas, por máis que, en esencia, se movesen todas no marco xenérico das Humanidades– ás que el representaba ou coas que el se relacionaba máis estreitamente.

A Fundación Barrié naceu a finais do ano 1966¹. O primeiro testemuño escrito conservado no seu arquivo da relación de Xosé Filgueira Valverde con ela procede do 29 de abril de 1968. Trátase dunha carta que lle escribe Joaquín Arias y Díaz de Rábago, daquela Secretario da Fundación, na que lle transmite o agradecemento corporativo e persoal polo extraordinario traballo que realizara nas Comisións Primeira e Segunda da Fundación². Os vencellos entre as dúas partes, malia que non contemos con evidencias escritas que os referenden, deben ser moi anteriores, fundamentados, sen dúbida, en vínculos de carácter persoal, de amizade. Unha figura, a de Antonio Pastor, hoxe moi escurecida, pero cun gran protagonismo no ámbito da cultura galega e española nos anos que estamos considerando, foi esencial, con seguridade, a ese respecto.

Antonio Pastor, nacido na Coruña o 14 de setembro de 1894, era curmán segundo de Pedro Barrié de la Maza, o creador da Fundación que leva o seu nome³. Home de vasta cultura, apaixonado moi especialmente polo Mundo Clásico⁴, estivo estreitamente relacionado con Pontevedra e o seu Museo (García 1972: 10). Da cidade, na que faleceu o 15 de decembro de 1971, foi nomeado Fillo adoptivo (García 1972: 10). Canto ó Museo, foi Membro honorario do seu Padroado⁵ e

1 Exactamente o 5 de novembro, data da Escritura Pública dos seus Estatutos, outorgada ante o notario do Colexio de Madrid Luís Sierra Bermejo (Fundación Pedro Barrié de la Maza 1988: 17).

2 Fundación Barrié, Arquivo, doc. nº 20.003. Debo esta información a Diego Rodríguez González, arquiviro-bibliotecario da Entidade, a quen agradezo a axuda que me prestou neste punto concreto do proceso de preparación desta investigación. A relación formal do Museo de Pontevedra coa Fundación iniciouse, a teor da información custodiada nos seus arquivos, o 26 de xuño de 1969. Nese día, Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, escribelle unha carta a Xosé Filgueira Valverde, director do Centro, na que lle comunica que a Comisión Segunda da Fundación “de mi nombre” lle outorgara ao Museo de Pontevedra unha subvención para ese exercicio de 250.000 ptas. (1.500,00 €). Véxase, no Museo de Pontevedra, o *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 274, Carpeta 1. Froito desta relación será a publicación, en Pontevedra e en 1970, “a costa de la Fundación”, como nela se fai constar expresamente, dunha *Guía breve del Museo de Pontevedra*, da autoría de J. Filgueira Valverde precisamente. A Fundación Barrié incorporárase ao Padroado do Museo, cubrindo a vacante producida polo falecemento de Francisco Javier Sánchez Cantón, no ano 1972. Tomouse o acordo pertinente na reunión celebrada o 29 de abril, ratificada polo Pleno da Deputación Provincial o 27 de xullo. Ostentou a súa representación, na que continuaría ata o seu pasamento, J. Arias y Díaz de Rábago (García 1973: 9).

3 A biografía de Antonio Pastor, sorprendentemente, está sen escribir. Os datos básicos da súa vida poden consultarse nun artigo de C. Fernández titulado “Antonio Pastor fue profesor del rey Eduardo VIII de Inglaterra” publicado o 4 de novembro de 2000 en *La Voz de Galicia*.

4 O nome da Fundación por el creada o 16 de maio de 1954, con sede en Madrid, fai explícito ese interese: *Fundación Pastor de Estudios Clásicos* (Fernández Galiano 1980).

5 Foi proposto para o cargo na reunión plenaria ordinaria celebrada o 3 de xaneiro de 1962. Aceptada a candidatura pola Deputación Provincial, tomou posesión na sesión do 17 de agosto do mesmo ano. Tivo

doador de obras tan significativas como catro cruces de acibeche, entre elas unha espectacular coñecida co seu nome, adquirida en Londres en 1936 (Filgueira 1943: 14)⁶, un óleo de Salvatore Rosa ou dúas táboas atribuídas ao denominado Mestre de Torralba, un anónimo pintor aragonés activo na primeira metade do século XV⁷.

Non menos significativa no proceso de apertura de relacións coa Fundación Barrié debeu ser tamén Margarita Pastor, irmá de Antonio, importante mecenas cultural así mesmo⁸, non debendo esquecerse tampouco nesta nómina de contactos a figura de Francisco Javier Sánchez Cantón, impulsor desde os anos vinte da vixésima centuria da carreira intelectual dun novo e prometedor Xosé Filgueira Valverde, esencial no mundo cultural galego e español antes e despois da Guerra Civil e ata o seu falecemento na cidade de Pontevedra, onde nacera, o 27 de novembro de 1971 (García 1972: 9)⁹.

O primeiro proxecto de entidade que acomete Xosé Filgueira Valverde en relación coa Fundación Barrié é a preparación da edición do *Cancionero Gallego* de Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, capítulo inicial dun proxecto publicístico máis ambicioso centrado na edición doutros repertorios análogos de música tradicional¹⁰.

Coñecemos ben o proceso que culminou na edición do cancionero invocado, o de Martínez Torner e Bal y Gay, mercé á correspondencia conservada, en particular, no arquivo persoal de Xosé Filgueira Valverde custodiado no Museo de Pontevedra¹¹.

Non me interesa aquí tanto o proceso en si, de indubidable importancia en calquera caso, porque foi xa analizado con rigor por Carlos Villanueva no estudo crítico que precede a reedición do *Cancionero* promovida pola Fundación Barrié con motivo da celebración do 40 aniversario da súa creación (Villanueva 2007), como o que tal feito implicaba: a recuperación de iniciativas desenvolvidas nos anos vinte desa centuria polo Seminario de Estudos Galegos, moitas incentivadas pola relación moi estreita que mantivo coa Junta para Ampliación de Estudios a

esta mesma secuencia a vinculación ao Padroado do Museo de Pontevedra doutra figura excepcional, Xosé Fernández López (García 1963: IX).

6 Di dela textualmente: “Pieza en verdad regia [...] que bastaría por sí sola para honrar un arte como el de la azabachería compostelana”.

7 Dáse conta do primeiro, do que se inclúe fotografía, en García 1963: IX. Sobre as segundas véxase, en particular, Filgueira 1972.

8 Baste lembrar agora, tan só, a súa relación con *Música en Compostela*, en cuxa fundación e desenvolvemento participou moi activamente, sendo a primeira Presidenta do seu Padroado (Iglesias 1994: I, 29).

9 Malia que resulte sorprendente, está tamén por facer, como acontece co seu irmán Antonio, a súa biografía.

10 Alúdese a eles nunha carta de Bal y Gay, dirixida a X. Filgueira Valverde, escrita o 5 de febreiro de 1968. Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 247, carpeta 18, doc. nº 1.

11 Caixa 247, carpeta 18. O *Cancionero*, en 2 tomos, como se di máis abaixo, foi impreso en Madrid.

Pontevedra 15-marzo-1968

Sr. Don Juan López Suárez
Madrid

Mi querido Don Juan:

La puesta en marcha de la iniciativa suya de edición del Cancionero de Galicia ha sido una de mis alegrías mayores en estos años. Fue mucha la ilusión que se puso en aquellas felices iniciativas de los años veinte y sería un dolor que tanto trabajo quedase oscurecido o se perdiese para siempre. Escribí a Barcelona pidiendo que los materiales pasasen a Madrid, a ser posible al despacho donde trabaja la hija de García de Diego, para que Bal pudiese prepararlos. El día diez recibí carta de Querido el Vicesecretario del Instituto de Musicología. No pone ninguna dificultad, es más, manifiesta su total conformidad con el proyecto y dice que hará todo lo posible por que se realice según nuestros deseos. Sólo indica que no puede dar solución a las peticiones sin obtener el consentimiento de Anglés que está en una clínica desde el seis de enero.

Envíe copia de la carta a Margarita Pastor y a Jesús...
Personalmente iré a Barcelona el día 25 y allí procuraré ver personalm...


Carta de Xosé Filgueira Valverde a Juan López Suárez sobre a preparación da edición do *Cancionero gallego* (Pontevedra, 15/III/1968). Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*.

través da Comisión de Estudos en Galicia. Nacida esta en 1928, foi esencial na súa materialización a mediación e implicación persoal de Juan López Suárez (*Xan de Forcados*), cuñado do Secretario Xeral da citada Junta, Juan Castillejo¹².

O *Cancionero gallego* citado, publicado pola Fundación Barrié en 1973, en dous tomos, contou cun prólogo de Xosé Filgueira Valverde¹³ no que recordaba as circunstancias que propiciaran a realización da investigación que por fin se poñía a disposición da sociedade, unhas circunstancias, as da eclosión cultural na

12 Sobre a Comisión consúltese, en particular, Filgueira 1990. Para unha reflexión actualizada sobre o que supuxo esa Comisión en relación coa investigación e, por iso tamén, coa valoración axeitada do Patrimonio histórico-artístico de Galicia, véxase, en última instancia, Valle 2016. Sobre a figura de Juan López Suárez resulta imprescindible a consulta da monografía de Xosé Ramón Fandiño Veiga, coa colaboración de R. Gurriarán, *Juan López Suárez ou "Xan de Forcados", home de ciencia e impulsor das melloras culturais en Galicia* (2003).

13 Ocupa as páxinas 9-12. Redactouno a petición de Joaquín Arias y Díaz de Rábago e Margarita Pastor. Alude esta ao encargo, amosando a súa satisfacción pola aceptación, que coñecía a través de Joaquín Arias, nunha carta que lle escribe o 21 de marzo de 1973. Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 247, Carpeta 18, doc. 8.



Carta de Margarita Pastor a Xosé Filgueira Valverde reiterándole a petición, formulada previamente por Joaquín Arias, de que se encargase de redactar o prólogo do *Cancionero gallego* de Jesús Bal y Gay e Martínez Cué (Madrid, 21/III/1973). Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*.

Galicia dos anos vinte e trinta da pasada centuria, nas que tivo un protagonismo moi especial a actividade excelsa do Seminario de Estudos Galegos. Naceu este, en puridade, o día 12 do mes de outubro de 1923 como froito das inquedanzas dun reducido grupo de novos universitarios, un deles o mesmo Filgueira¹⁴.

¹⁴ Consúltese sobre o Seminario, en especial, Mato 2001. Para a presenza específica no Seminario de Xosé Filgueira Valverde remítome, en última instancia, ao artigo da miña autoría "Xosé Filgueira Valverde, o Seminario...", xa citado anteriormente (2016). Evoca este nunha carta que lle escribe a J. López Suárez o 15 de marzo de 1968, no transcurso do proceso de recuperación para a súa edición dos materiais do

A publicación por parte da Fundación Barrié do xa mencionado *Cancionero* de Martínez Torner e Bal y Gay terá a súa continuidade, no ámbito da música tradicional e conforme, en parte, ao plan que en 1968 lle comunica a Jesús Bal y Gay Margarita Pastor¹⁵, coa reimpresión, en 1982, do *Cancionero musical de Galicia*, reunido por Casto Sampedro e publicado en 1943, en Madrid, con introdución e notas bibliográficas de Xosé Filgueira Valverde, responsable tamén da súa reconstitución¹⁶.

Un ano antes de que se publicase o *Cancionero* de Martínez Torner e Bal y Gay, isto é, en 1972, saía do prelo na Coruña, na imprenta Moret, como resultado dun convenio entre a Fundación Barrié e a Editorial de los Bibliófilos Gallegos, o *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, de Ángel del Castillo¹⁷. Neste traballo, de grande utilidade naquela altura e tamén durante moitos anos de imprescindible referencia, recollíanse, froito

do labor de toda unha vida consagrada ao estudo e divulgación do Patrimonio



E. Martínez Torner e J. Bal y Gay, *Cancionero gallego. I: Música*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1973.

Cancionero que comentamos, que esa “iniciativa [...] ha sido una de mis alegrías mayores en estos años. Fue mucha la ilusión que se puso en aquellas felices iniciativas de los años veinte y sería un dolor que tanto trabajo quedase oscurecido o se perdiese para siempre”. Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 247, Carpeta 18, doc. nº 5.

- 15 Coñecemos o plan pola carta, xa mencionada, que Bal y Gay lle escribe a Xosé Filgueira Valverde o 5 de febreiro de 1968. Na carta fala Bal de editar “los materiales inéditos de D. Casto”, previsión que finalmente, sen dúbida polas dificultades que tal feito comportaba, non se materializou. De aí que utilice no texto a expresión “en parte”. Sobre o Cancioneiro de Casto Sampedro véxanse, máis abaixo, tanto o texto como as notas.
- 16 Será reeditado de novo o *Cancionero* pola Fundación Barrié, en 2007, con motivo do 40 aniversario do seu nacemento. Coordinou a edición C. Villanueva. Conta como complemento con estudos críticos de L. Costa, X. Groba, X. C. Valle Pérez e do propio coordinador. O estudo definitivo deste *Cancionero* será realizado por X. Groba González na súa monumental Tese de Doutoramento defendida na Universidade de Santiago de Compostela en 2011. Foi publicada polo Concello de Redondela co título *Casto Sampedro e a música do cantigueiro galego de tradición oral* (Groba 2012).
- 17 A súa viúva, Obdulia García Cerdido, firmara o 9 de agosto de 1968 coa Editorial, representada por Felipe Cordero Carrete, un contrato para a edición deste libro. Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 254, carpeta 5.

Monumental de Galicia, un total de 732 fichas de empresas singulares ou de conxuntos de especial valor histórico-artístico.

Contou este libro, reeditado en 1987 e 2007¹⁸, cun texto introdutorio e unha bibliografía complementaria de cada cédula así como doutra de carácter xeral preparados, un e as outras, por Xosé Filgueira Valverde, nese ano, 1972, director xa do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, cargo no que sucedeu a Francisco Javier Sánchez Cantón, falecido, como xa dixen, o 27 de novembro de 1971, quen ostentaba a dirección do organismo, nacido para dar continuidade ao Seminario de Estudos Galegos, desde a súa constitución formal o 15 de febreiro de 1944 (Pardo 2005: 12 e 18-20). No seo deste Instituto, dotado de personalidade xurídica, constitúese en 1948 a Editorial de los Bibliófilos Gallegos¹⁹, unha iniciativa, como tantas outras ás que estivo vinculado Xosé Filgueira Valverde, cuxa orixe se acha en ideas nadas no seo ou en relación con propostas relacionadas co Seminario de Estudos Galegos²⁰.

Os datos ata aquí consignados revelan como entre 1968, ano no que está datado o primeiro contacto entre Xosé Filgueira Valverde e a Fundación Barrié do que temos referencia documental, e 1972, ano da publicación do *Inventario* de Ángel del Castillo, as relacións entre a Fundación, convertida practicamente xa desde o seu berce nun referente esencial para a normalización científico-cultural de Galicia, e Xosé Filgueira Valverde, daquela unha figura fundamental da intelectualidade galega, con marcada proxección tamén máis alá das súas fronteiras físicas, foron facéndose máis intensas e frecuentes. É durante eses anos, máis preto, polas especificidades do seu contido, da segunda data, 1972, que da primeira, 1968, cando hai que situar a redacción dun documento de 2 folios mecanografados, conservado no arquivo persoal de Xosé Filgueira Valverde, no que non consta nin o día, nin o mes nin o ano no que está escrito²¹. Recóllense nel propostas de investigación, ordenación, catalogación e edición moi dispares vinculadas ás máis importantes entidades de carácter científico-cultural existentes naqueles anos en Galicia.

18 A reedición de 2007, programada no marco da conmemoración do 40 aniversario da creación da Fundación Barrié, incorporou un tomo suplementario de estudos críticos redactados por A. Vigo Trasancos e L. Ladra Diéguez.


19 A circular impresa que pon en marcha a súa creación está datada o 1 de xaneiro de 1948. Asínaa 16 persoas especialmente representativas do panorama cultural, político, económico-empresarial e relixioso de Galicia nesa altura.

20 Particularmente explícitas ao respecto son as cartas que Xosé Filgueira Valverde, en cuxo arquivo persoal, hoxe custodiado no Museo de Pontevedra, se conservan, e Francisco Javier Sánchez Cantón cruzan durante o mes de xaneiro de 1936. Ocupareime proximamente das propostas que nelas se formulan en relación coa publicación de estudos monográficos de investigación e de divulgación sobre Galicia.

21 Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 247, carpeta 18.




A. del Castillo, *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1972.



Convenio de cooperación entre a Fundación Pedro Barrié de la Maza e o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (A Coruña, 10/XI/1976). Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*.

Sorprende non encontrar neste memorando un apartado especificamente consagrado ao Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, invocado directamente, non obstante, tanto no capítulo de “Lexicografía, Onomástica y Sintaxis” como a entidade en cuxo seo debía constituírse unha sección dedicada ao estudo desas materias, como no apartado referido ao *Cancionero musical de Galicia* como a que tiña que ocuparse de realizar a publicación do *Cancionero popular, colegido por Torner y Bal*, e tamén, agora dun xeito indirecto, debido á relación de “filia- ción” con ela existente, no capítulo no que se mencionan os títulos que debían ser editados por “Bibliófilos Gallegos”²².

22 Entre os catro que con tal motivo se mencionan está un de Ángel del Castillo sobre *El patrimonio artístico de Galicia*. Debe ser o publicado en 1972, xa analizado máis arriba, co título de *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. Esta circunstancia permite situar a data da súa aparición como “terminus ante quem” para a redacción do documento que valoro. A ese mesmo ano apuntan as referencias que inclúe sobre o Cancioneiro de Martínez Torner e Bal y Gay cuxa edición sinala que debe facer o Instituto “el próximo año”.



Casimiro Torres Rodríguez, *Galicia sueva*. Colección *Galicia Histórica*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 1977.

Non moito tempo despois da redacción deste memorando, exactamente o 10 de novembro de 1976, a Fundación Barrié, representada pola súa Presidenta, D.^{ña} Carmela Arias, e o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, representado así mesmo pola súa máxima autoridade, o seu Director, Xosé Filgueira Valverde, asinan un *Convenio de cooperación* para a publicación dunha serie denominada *Galicia Histórica*, correspondéndolle ao Instituto a preparación dos volumes, nos que se combinarían “visiones de conxunto de cada época” e “monografía sobre figuras, hechos o tendencias relevantes”. Unha primeira proposta de títulos básicos, tanto de carácter xeral como monográfico, nalgún caso con mención expresa do nome do autor elixido para a redacción da obra, figura xa na base terceira deste convenio²³.

Unha obra na que concorren as dúas circunstancias sinaladas no parágrafo anterior, o tema de referencia e o nome do autor, inaugurarán só un ano despois, en 1977, a colección: *Galicia Sueva*²⁴, da autoría de Casimiro Torres. Na “Presentación” que, como director do Instituto, escribe para este libro, fai constar Xosé Filgueira Valverde que a preparación da colección á que pertence “se empezou en el año 1948 y [...] fue diferida no por falta de trabajo ni de entusiasmo, sino por carencia de medios para la publicación” (Filgueira 1977: VII). Co soporte económico da Fundación Barrié e co aval científico do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, a colección foi consolidándose paulatinamente no panorama intelectual de Galicia, sendo, vista desde hoxe e como un todo, un

23 Hai copia no Arquivo documental de Xosé Filgueira Valverde depositado, como ben sabemos, no Museo de Pontevedra. Figura na Caixa 274, carpeta nº 7.

24 No convenio referido o título que se lle dá á obra é distinto do que finalmente figurou no libro: *El Reino de los Suevos* fronte a *Galicia sueva*. O autor, en ambos os dous casos, é, non obstante, o mesmo: Casimiro Torres.

instrumento de consulta imprescindible para achegarse ao coñecemento do noso pasado²⁵.

De entre as outras propostas que si figuran no documento *sen data* máis arriba citado selecciono para a súa análise, tanto pola súa intrínseca significación e a súa proxección ulterior como por non ser posible abordar todas detalladamente por comprensibles limitacións de espazo, só unha: a que no memorando, co título *Catalogación del patrimonio arqueológico y monumental de Galicia*, figura en primeiro lugar.

Tres breves parágrafos conforman este apartado referido ao Patrimonio arqueolóxico e monumental de Galicia. Menciona no primeiro a necesidade de crear equipos que traballen na recollida de información nas catro provincias, debendo facelo a partir dun plan de actuación previo fixado para un período de cinco anos. Sinala no segundo o número de monumentos e lugares que deberían ser visitados, fotografados e tamén, moitos, ser obxecto de levantamentos planimétricos (uns 10.000), á marxe dos cruceiros, os hórreos e outros testemuños da arte popular. Describe no terceiro parágrafo a composición dos equipos, integrados por un arqueólogo, un historiador, un arquitecto, dous fotógrafos e os seus auxiliares, indicando que o equipo de Pontevedra está xa formado e que a contribución anual para cada un deles debe ser de 250.000 ptas. (1.500,00 €).


As ideas contidas nestes tres parágrafos serán detalladas e desenvolvidas na “Propuesta y Memoria” da denominada *Catalogación arqueológica y artística de Galicia*, remitida o 3 de marzo de 1973 por Xosé Filgueira Valverde, na súa condición de Director do Museo de Pontevedra, á Fundación Barrié²⁶. Aprobada esa “Propuesta y Memoria” por esta, o equipo, cuxos compoñentes esenciais figuraban no proxecto con nome e apelidos²⁷, comezan a traballar no verán dese mesmo ano. Non o fixo, sobre o terreo, en ningunha das “comarcas piloto” da Arquidiocese de Santiago sinaladas na Memoria, o Salnés e o Morrazo²⁸, senón noutra, a da Terra de Montes. Podo documentalo en primeira persoa: fun, sendo estudante do primeiro ano da especialidade de Historia da Arte, terceiro curso da carreira, tras os dous anos comúns, na Facultade, nese momento aínda de Filosofía e Letras, da Universidade de Santiago de Compostela, con 19 anos case

25 A relación completa das publicacións que conforman a colección *Galicia Histórica* pode consultarse nas webs das dúas institucións indicadas, a Fundación Barrié e o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento.

26 O documento pode verse, por exemplo, no *Arquivo Filgueira Valverde*, no Museo de Pontevedra, Caixa 274, carpeta 2.

27 Eran os seguintes: Xosé Filgueira Valverde, Director do Museo; Alfredo García Alén, Secretario do Museo; Francisco Fariña Busto, Profesor universitario (Arqueólogo); Angel Sicart Giménez (Historiador da Arte); Hipólito de Sa (Historiador da Arte); Xosé Carlos Valle Pérez (alumno de Historia da Arte); dous delineantes e dous debuxantes do equipo do Museo.

28 Base 1.9.a).1.



“Catalogación arqueológica y artística de Galicia. Propuesta y Memoria” (Pontevedra, 3/III/1973). Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*.

acabados de facer, un dos integrantes do equipo técnico que fixo os labores de campo. Estes, como tales, non eran novos na nosa paisaxe cultural. Contaban, como precedente inmediato, coas coñecidas *xeiras*, un dos sinais de identidade, mentres tivo vida, do Seminario de Estudos Galegos²⁹.

O balance positivo que para a Fundación Barrié e o Museo de Pontevedra supuxeron os traballos realizados en relación co patrimonio histórico-artístico galego, en xeral, e pontevedrés, en particular, considerados nun principio como experimentais e, pouco a pouco, como xa definitivos, materializouse non só na recollida de información documental e gráfica senón tamén na publicación de estudos diversos, moi valiosos no seu momento e aínda hoxe de consulta necesaria³⁰.

29 Confróntese sobre o Seminario de Estudos Galegos, en última instancia, Mato 2001. Para o que significaron as *xeiras* remítome, en particular, a Valle 2016. Antes de que existise o Seminario de Estudos Galegos, a finais do século XIX, a Sociedad Arqueológica de Pontevedra, presidida por Casto Sampedro, realizaba xa excursións de estudo (Valle 2007a: 33-34).

30 Foron os primeiros traballos de entidade os seguintes: “Adiciones a la «Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra». Inventario de localidades con hallazgos paleolíticos” (Filgueira /García 1975); *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia* (González 1975); “Inventario de monumentos megalíticos” (Filgueira/ García 1978) e *Arquitectura románica en Pontevedra* (Bango 1979).

As ideas contidas nesta “Propuesta y Memoria”, por outro lado, serán referendadas pola sinatura, o 6 de decembro de 1979, dun “Convenio de cooperación entre la Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa y la Catalogación Arqueológica y Artística”, representando á primeira a súa Presidenta, Carmela Arias y Díaz de Rábago, e, á segunda, o Presidente do Padroado do Museo de Pontevedra, Federico Cifuentes Pérez, e o Director da entidade, Xosé Filgueira Valverde³¹, pois o Museo de Pontevedra era a entidade que daba cobertura a esa “Catalogación”.

A firma deste “Convenio de cooperación”, coincidente no tempo cun momento de eclosión dos estudos

sobre o patrimonio arqueolóxico e artístico de Galicia como consecuencia, en particular, aínda que non dun xeito exclusivo, da paulatina consolidación como investigadores de licenciados nesas materias pertencentes ás primeiras promocións formadas na Universidade de Santiago de Compostela³², permitirá a publicación na década dos oitenta e tamén, obviamente, na seguinte, de importantes estudos de conxunto ou monográficos que supuxeron auténticos fitos non só no panorama historiográfico galego senón tamén, en moitos casos, peninsular. Baste citar, como exemplos, *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*, da autoría de A. García Alén e A. de la Peña Santos (A Coruña, 1981); *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*, de F. Calo Lourido (A Coruña, 1994); *La arquitectura*



Carta de Xosé Filgueira Valverde a Carmela Arias y Díaz de Rábago en resposta á súa petición de “consejo y apoyo” sobre unha solicitude formulada polas relixiosas Agustinas Recoletas de Vista-alegre, en Vilagarcía de Arousa (A Coruña, 11/XI/1979). Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*.

31 Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 274, carpeta 7.

32 As primeiras promocións de licenciados en Historia, Historia da Arte e Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela remataron os seus estudos no Curso 1972-1973.

cisterciense en Galicia, de J. C. Valle Pérez (A Coruña, 1982); *La arquitectura románica en Lugo. I. Parroquias al oeste del Miño*, de R. Yzquierdo Perrín (Barcelona, 1983); *Baldaquinos gallegos*, de J. Filgueira Valverde e J. Ramón Fernández-Oxea (Barcelona, 1987); *Arte gótico en Galicia: los Dominicos*, de C. Manso Porto (Madrid, 1993); *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVII*, de J. R. Soraluce Blond (A Coruña, 1985); *La pintura manierista en Galicia*, de J. M. García Iglesias (Barcelona, 1986); *Relojes de piedra en Galicia*, de J. L. Basanta Campos (A Coruña, 1986); *Simón Rodríguez*, de M.^ª C. Folgar de la Calle (León, 1989); *El arquitecto gallego Domingo Antonio Lois Monteagudo (1722-1786) y su "Libro de Barios Adornos"*, de Luis Cervera Vera (Barcelona, 1985); *Julia Mingüillón*, de M.^ª V. Carballo-Calero Ramos (A Coruña, 1994); *Tino Grandío (1924-1977)*, de L. M.^ª Caruncho (A Coruña, 1996), ou *Apuntes para el inventario del mobiliario litúrgico de la Diócesis de Ourense*, de J. C. Fernández Otero, M. A. González García e J. González Paz (Vigo, 1984).

O prestixio que, como resultado da súa solvencia científica, tiñan Xosé Filgueira Valverde e tamén, froito diso e así mesmo das numerosas figuras que, a través ou grazas a el se relacionaban ou colaboraban co Museo de Pontevedra, explica, por outro lado, que este último fose o centro de referencia na provincia ou, en ocasións tamén, en Galicia para o Ministerio de Cultura ou a Consellería de Cultura para a realización de traballos moi diversos sobre Arqueoloxía³³, Arquitectura³⁴ ou Mobiliario litúrxico³⁵, facéndoo depositario, como consecuencia de todo este cúmulo de encargos, dun valiosísimo fondo documental e gráfico de inescusable referencia para calquera investigación de entidade sobre o patrimonio cultural de Galicia³⁶.

Un salto cualitativo na evolución dos programas de actuación xerados polo convenio para a catalogación do patrimonio arqueolóxico e artístico de Galicia asinado pola Fundación Barrié e o Museo de Pontevedra produciuse en 1990. Neste ano, coa mediación deste Museo, que foi a entidade encargada de materializalo para Galicia, a Fundación Calouste Gulbenkian, con sede en Lisboa, e a Fundación Barrié asinaron un convenio de colaboración interesado en promover

33 En 1980 firmáronse dous convenios co Ministerio de Cultura para a realización dos inventarios provinciais de xacementos arqueolóxicos e de epigrafía romana.

34 Iniciáronse os labores tamén en 1980 grazas a un convenio co Ministerio de Cultura. Tanto neste caso como nos citados na nota anterior, os inventarios foron revisados e postos ó día ulteriormente mercé a convenios asinados nos anos 1984 e 1985 coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

35 Comezou a tarefa do inventario en 1988 grazas, tamén, a un convenio asinado co Ministerio de Cultura. Sería apoiado posteriormente este proxecto, dun xeito decisivo e durante varios anos, pola Administración autonómica.

36 Cambios ou incluso desaparicións fan que, en moitas ocasións, documentos gráficos recollidos no seu día no transcurso dos traballos de campo propiciados por estes convenios (tamén, obviamente, polo promovido desde 1973 pola Fundación Barrié) adquiren o valor suplementario, impagable, de históricos.

os intercambios culturais, sobre todo no ámbito da Historia da Arte, entre Galicia e Portugal, que propiciou que no mes de novembro do ano seguinte puidese contemplarse na capital portuguesa, na sede central da Fundación, unha exposición titulada *Imaxes da Arte en Galicia*³⁷. Composta por 198 fotografías da autoría, agás 4, de Xurxo Lobato, expresamente realizadas para o proxecto, foi comisariada por quen asina este texto. Tivo como complemento un catálogo moi coitado no que se recollían todas esas reproducións e, por outro lado, un ciclo de conferencias sobre a Historia da Arte Galega impartido por reputados especialistas, autores, ao mesmo tempo, dos textos que se inserían nos distintos capítulos que conformaban tanto a mostra como o libro-catálogo que pondero³⁸. A conferencia que inaugurou o Encontro, titulada “Sobre Galicia. Determinantes e contrastes”, foi pronunciada por X. Filgueira Valverde, daquela xa, por outro lado, Presidente do Consello da Cultura Galega³⁹.

Tivo Xosé Filgueira Valverde unha participación moi destacada noutro proxecto nacido do convenio de colaboración asinado entre as dúas Fundacións citadas, materializado de novo, para Galicia, a través da Catalogación arqueolóxica e artística de Galicia do Museo de Pontevedra. Titulado *Do Tardogótico*




José Filgueira Valverde e Alfredo García Alén, *Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. Inventario de monumentos megalíticos*. Pontevedra, 1977.

37 Un título idéntico tiña a mostra preparada previamente pola Fundación Calouste Gulbenkian que puido ser contemplada en Pontevedra e na Coruña nos meses de maio e xuño de 1990: *Imagens da Arte em Portugal*. No caso de Pontevedra, a exposición contou como complemento cun ciclo de conferencias. Aínda que poida resultar sorprendente visto desde hoxe, un ciclo de conferencias e unha exposición con ese ámbito xeral de referencia era a primeira vez que se ofrecían en Galicia.

38 Estes son os seus nomes, citados por orde de aparición no libro-catálogo: F. Fariña Busto, I. G. Bango Torviso, X. C. Valle Pérez, A. Sicart Giménez, X. M. García Iglesias, M.^ª C. Folgar de la Calle, X. M. B. López Vázquez e M.^ª L. Sobrino Manzanares.

39 Ese foi tamén o título do texto que redactou para o catálogo, xa citado, complementario da mostra. Ocupa as páxinas 9 a 27. A exposición, tras Lisboa, mostrouse, en Portugal, en Braga (parcialmente) e no Porto. En Galicia, ademais de na Coruña e Pontevedra, itinerou por Ferrol, Santiago, Ourense, Lugo, Vigo e O Barco de Valdeorras.



Do Tardogótico ó Manierismo. Galicia e Portugal, Fundación Pedro Barrié de la Maza – Fundação Calouste Gulbenkian. A Coruña, 2005.

*ó Manierismo: Galicia e Portugal*⁴⁰, ofrece unha novidade moi importante con respecto ás iniciativas precedentes: era a primeira acometida conxuntamente polas dúas Fundacións e, canto á mostra en si, ademais de fotografías, da autoría, as galegas, de Xurxo Lobato de novo e, as portuguesas, de Luis Filipe de Oliveira, incorporaba xa obras reais, procedentes tanto de Portugal como de Galicia.

Esta exposición, que se ofreceu ao público na Coruña desde o día no que, no mes de xuño de 1995, foi inaugurada formal e oficialmente a sede da Fundación Barrié⁴¹, contou cun catálogo para o que X. Filgueira Valverde preparou un texto titulado “Artistas portugueses na arquitectura

pontevedresa do século XVI”⁴². Resumía nel décadas de estudo sobre este tema, esencial na súa traxectoria como investigador (Valle 2015: 423-424).

Xosé Filgueira seguiu con moito interese o proceso de preparación deste proxecto e participou nas iniciativas que propiciou tanto na Coruña (mes de xuño, como xa sinalei) como en Pontevedra (mes de outubro). Problemas de saúde non lle permitiron estar presente nos actos que, co mesmo fundamento, se desenvolveron en 1996 tanto en Lisboa como no Porto. O seu pasamento, o 13 de setembro deste último ano, imposibilitou, obviamente, que participase nas posteriores propostas nadas do convenio asinado polas dúas Fundacións en 1990 coa colaboración activa do Museo de Pontevedra. Consagrada unha, en 1998, a analizar a implantación da Orde do Císter en Galicia e Portugal (nese ano conmemorábase o IX Centenario do seu nacemento, acaecido en 1098 en terras de

40 Asumín eu a coordinación/comisariado xeral do proxecto, sendo coordinadores/comisarios adxuntos, en representación da Fundación Calouste Gulbenkian, Fernando de Azevedo e Jorge Rodrigues.

41 Aconteceu iso o 9 de xuño de 1995. A sede –e a mostra tamén, obviamente– foi inaugurada pola Raíña Sofía.

42 Ocupa as páxinas 177 a 214 do catálogo, titulado exactamente igual que a exposición: *Do Tardogótico ó Manierismo: Galicia e Portugal*. Foi editado na Coruña.

Borgoña, en Francia), e outra, en 2001, a estudar o desenvolvemento da Arte románica nos dous territorios, ambas, á vista da súa traxectoria intelectual, contarían, sen ningunha dúbida, co seu favor e implicación activa⁴³.

As relacións estritamente profesionais, técnicas, científicas, de Xosé Filgueira Valverde coa Fundación Barrié, iniciadas en 1968, segundo se desprende da documentación chegada ata hoxe, propiciaron, froito dunha converxencia de intereses e tamén, obviamente, dunha inequívoca sintonía persoal entre el e os responsables da entidade, singularmente coa súa Presidenta, Carmela Arias y Díaz de Rábago, e o seu Vicepresidente, seu irmán Joaquín Arias y Díaz de Rábago, asentada pouco a pouco e con moita solidez co paso do tempo, que Filgueira se convertese, así mesmo, nunha persoa esencial no campo das Humanidades para a Fundación Barrié. Nada do que con esta e aquelas se relacionase, sobre todo no panorama galego, en xeral, e co da provincia de Pontevedra, en particular, quedaba á marxe do seu consello ou da súa opinión⁴⁴, delegando a Fundación con moita frecuencia na súa persoa a súa representación en actividades de carácter e significación moi dispar⁴⁵.

Nun artigo titulado “Don Casto Sampedro y su Sociedad Arqueológica”, incluído no tomo V da revista do Museo de Pontevedra, aparecido en 1948, dedicado a tan eximia personalidade, o centenario de cuxo nacemento se celebraba con esa publicación, Xosé Filgueira Valverde ponderaba o labor do seu predecesor na dirección desa entidade pontevedresa afirmando que, para encontrar un centro de investigación pura en Galicia da categoría da sociedade promovida por Sampedro en 1894, “que pretendiese aunar el trabajo de los estudiosos dispersos por el país”, habería que esperar ata a fundación, o 12 de outubro de 1923, do Seminario de Estudos Galegos (Filgueira 1948: 21).

43 O formato empregado nestes dous proxectos foi o mesmo que se utilizou nos anteriores. Materializados, no que a Galicia se refería, a través do Museo de Pontevedra, constaron dunha exposición, integrada por fotografías e obras reais, servíndolle de complemento un catálogo, e un ciclo de conferencias cuxos relatores eran os autores dos textos que figuraban no catálogo, responsables tamén da selección de fotografías que compoñían cada un dos capítulos que conformaban a mostra. Os proxectos, vistos como un todo, documentaban o estado da cuestión sobre o tema no momento no que se realizaban. Continúan sendo hoxe, malia o tempo transcorrido, unha fonte de referencia de imprescindible consulta.

44 Sirvan de referencia unha carta que lle escribe o 2 de xullo de 1979 a Carmela Arias, Condesa de Fenosa e Presidenta da Fundación, en resposta á súa consulta sobre o topónimo “Puebla del Caramiñal” (Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 274, carpeta 7) ou a súa contestación favorable a unha pregunta que lle fai ela mesma sobre a pertinencia de conceder unha axuda económica ás relixiosas Agustinas Recoletas para a restauración do seu deteriorado convento de Vista-Alegre en Vilagarcía de Arousa (*Ibidem*).

45 Foi o seu representante, por exemplo, no xurado da V Bienal de Arte, promovida pola Deputación de Pontevedra no verán de 1979 (cartas da Condesa datadas o 19 de xullo e o 7 de agosto dese mesmo ano, Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 274, carpeta 7).

Xosé Filgueira Valverde, formado con Casto Sampedro e, coma el, home de múltiples saberes e intereses⁴⁶, foi unha figura fundamental na creación e desenvolvemento do Seminario de Estudos Galegos⁴⁷. Non debe estrañar, pois, que fose un dos integrantes do equipo que, baixo a dirección de Francisco Javier Sánchez Cantón, participou activamente na creación do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, nacido en 1944, como xa indiquei máis arriba, para dar continuidade ó labor do Seminario (Pardo 2005).

Tampouco debe sorprender o sentimento de satisfacción, de recuperación de antigos vínculos e complicitades, que revela o intercambio epistolar que mantén en 1968 con Jesús Bal y Gay⁴⁸, producido tras o seu retorno do exilio en México e como consecuencia da preparación da edición dun Cancioneiro cuxa orixe se achaba nos tempos e nas iniciativas do recordado Seminario de Estudos Galegos⁴⁹. Filgueira, cuxa relación coa Fundación Barrié se iniciaba por eses anos, case acabada de fundar a entidade⁵⁰, será quen escriba o prólogo-presentación desa magna obra, aparecida, como xa dixen, en 1973. Nel, como non podía suceder doutro modo, recorda o que supuxeron o Seminario e, como froito del, a “Comisión de Estudos en Galicia”⁵¹.

Non me parece casual que no mesmo ano no que se publica este Cancioneiro, 1973, o Museo de Pontevedra, dirixido por Xosé Filgueira Valverde, formulase á Fundación Barrié, o 3 de marzo, como xa indiquei anteriormente, unha proposta en cuxo preámbulo se afirma que, baixo os seus auspicios e centralizada no Museo de Pontevedra, “podría emprenderse la catalogación de la riqueza arqueológica y artística de Galicia”⁵². Un equipo constituído para ese cometido específico no seo do Museo de Pontevedra, do que, sendo estudante na Universidade de Santiago, como xa sinalai, eu formei parte⁵³, sen ser consciente nese momento do que tal feito supoñía, comezou a traballar no verán daquel ano, conforme á metodoloxía que se desenvolvera nas xeiras do Seminario de Estudos Galegos, nunha comarca ben definida histórica e xeograficamente, a da Terra de Montes⁵⁴.

46 Valle 2007b. Foi o catálogo da exposición programada en 2006, co patrocinio da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, para conmemorar o centenario do seu nacemento.

47 Para unha valoración global do labor do Seminario véxase, en especial, Mato 2001. Para unha análise específica da cuestión que se valora no texto remítome, en particular, a Valle 2016.

48 Áchase as cartas, unha delas xa comentada anteriormente (nota 14), na Caixa 247, Carpeta 18, do repetidamente citado *Arquivo Filgueira Valverde* custodiado no Museo de Pontevedra.

49 Así o indica X. Filgueira Valverde no “Prólogo” que escribe para a edición, promovida pola Fundación Barrié, do *Cancionero Gallego* de E. Martínez Torner e J. Bal y Gay (Filgueira 1973). Recórdese tamén o escrito na nota 14.

50 Véxase, a este respecto, o xa indicado máis arriba.

51 Confróntese a nota 14.

52 Museo de Pontevedra, *Arquivo Filgueira Valverde*, Caixa 274, carpeta 2.

53 Véxase máis arriba.

54 Véxase máis arriba.

A paulatina consolidación das ideas contidas neste protocolo inicial propiciará, como xa sabemos⁵⁵, a firma, no mes de decembro de 1979, dun convenio de cooperación para a Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia entre a Fundación Pedro Barrié de la Maza e o Padroado do Museo de Pontevedra. Pechábase así un círculo, unha armazón de relacións teórico-prácticas remontable na súa orixe aos anos finais do século XIX, pois se, como o mesmo Filgueira indicou, o labor da Sociedad Arqueolóxica de Pontevedra debe invocarse como un precedente do desenvolvido décadas máis tarde polo Seminario de Estudos Galegos, non é menos certo, á vista do que antecede, que o Museo de Pontevedra, nacido, tal como se recolle no preámbulo da súa moción fundacional, asinada o 30 de decembro de 1927, para dar continuidade ó traballo desa Sociedad (Valle 2003: 11), acabara sendo, baixo a dirección de Xosé Filgueira Valverde, formado con Casto Sampedro e Secretario técnico do Padroado fundacional do Museo, constituído formalmente o 30 de xaneiro de 1929 (Valle 2003: 12), quen retome, no ámbito do Patrimonio Histórico-Artístico en particular e grazas ao xeneroso patrocinio da Fundación Barrié, o excelso labor que, nos anos que precederon á Guerra Civil e desde o mes de outubro de 1923, levara a cabo o Seminario de Estudos Galegos (Mato 2001).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bango Torviso, Isidro Gonzalo (1979): *Arquitectura románica en Pontevedra*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Fandiño Veiga, Xosé Ramón (2003): *Juan López Suárez ou “Xan de Forcados”, home de ciencia e impulsor das melloras culturais en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Fernández Galiano, M. (1980): “La Fundación Pastor de Estudios Clásicos”, en *Ventiticinco años de la Fundación Pastor*. Cuadernos de la Fundación Pastor, 26. Madrid: Fundación Pastor de Estudios Clásicos, 9-13.
- Filgueira Valverde, X. (1943): “Azabaches compostelanos del Museo de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra* II, 7-22.
- (1948): “Don Casto Sampedro y su Sociedad Arqueológica”, *El Museo de Pontevedra* V, 16-49.
- (1972): “Donaciones Pastor. Dos tablas del Maestro de Torralba, siglo XV”, *El Museo de Pontevedra* XXVI, 71-73.

55 Véxase máis arriba.

- _____ (1973): “Prólogo”, en Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, *Cancionero Gallego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. I, 9-12.
- _____ (1977): “Presentación”, en Casimiro Torres, *El reino de los suevos*. La Coruña: Fundación Barrié de la Maza, VII-VIII.
- _____ (1990): “A «Comisión de Estudios en Galicia» da «Junta para la Ampliación de Estudios»”, en VI-*Adral*. Sada: Edición do Castro, 140-152.
- Filgueira Valverde, Xosé e Alfredo García Alén (1975): “Adiciones a la «Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra». Inventario de localidades con hallazgos paleolíticos”, *El Museo de Pontevedra* XXIX, 59-88.
- _____ (1978): “Inventario de monumentos megalíticos”, *El Museo de Pontevedra* XXXI, 51-130.
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa (1988): *20 años de la Fundación: I centenario de D. Pedro Barrié de la Maza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- García Alén, Alfredo (1963): “El Museo de Pontevedra durante 1962”, *El Museo de Pontevedra* XVII, IX-XVI.
- _____ (1972): “Museo de Pontevedra. Memoria 1971”, *El Museo de Pontevedra* XXVI, 9-34.
- _____ (1973): “Patronato del Museo de Pontevedra. Memoria, 1972”, *El Museo de Pontevedra* XXVII, 9-47.
- González Pérez, Clodio (1975): *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia*. Pontevedra: Museo.
- Groba González, Xavier (2012): *Casto Sampedro e a música do cantigueiro galego de tradición oral*. 2 vols. Redondela: Concello.
- Iglesias, Antonio (1994): *Música en Compostela (1958-1974)*. Vol. I. [Santiago de Compostela]: Consorcio de Santiago.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edición do Castro.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2005): *O Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”. Sesenta anos ó servizo de Galicia (1944-2004)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”.
- Valle Pérez, Xosé Carlos (2003): “O Museo de Pontevedra: pasado, presente e futuro”, en Xosé Carlos Valle Pérez (ed.), *75 obras para 75 anos. Exposición conmemorativa da fundación do Museo de Pontevedra*. Pontevedra: Museo, 11-16.
- _____ (2007a): “El contexto intelectual pontevedrés: la Sociedad Arqueológica de Pontevedra”, en Casto Sampedro y Folgar, *Cancionero musical de Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 19-47.

- (ed.) (2007b): *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Un século de Galicia*. Pontevedra: Museo.
- (2015): “Xosé Filgueira Valverde e a Historia da Arte Galega”, en Luís Cochón e Laura Mariño Taibo (eds.), *Filgueira Valverde homenaxe: “Quíxose con primor e feitura”*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 417-444.
- (2016): “Xosé Filgueira Valverde, o Seminario de Estudos Galegos e a catalogación sistemática do patrimonio histórico-artístico de Galicia”, en *Galegos/Gallegos* 22, 92-95.
- Villanueva, Carlos (2007): “El Cancionero que fue y el que pudo haber sido”, en Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, *Cancionero Gallego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 11-82.